

Mareas da noite

M^a do Carme Krukenberg é poeta representante da primeira xeración de poetas da posguerra, de seguirmos a súa entrega á literatura observamos que a súa implicación social a través da poesía “enraizada no pobo” como adoita dicir é un tema constante. Son moitos os seus libros de poemas, desde aquel *Cantigas do vento* de 1956 até esta nova entrega poética.

Poemas que van nacemento ao redor do mundo desde a conxunción das súas palabras, ela viaxeira incansábel, ensarilla versos coma paisaxes desde Fez a

A soidade como diálogo



MARGA ROMERO

vitalista. E a poeta, nesa altura, podemos afirmar con toda seguridade que non mentiu, viñeron máis libros: *Lembranzas da beleza triste* (2003), un dos seus textos máis intimistas, e *Luz para un novo mender* (2004), espello do seu amor pola vida e do desexo de manter esa vida. Para a creadora, e así o afirma moitas veces: “A poesía non é unha cousa para xogar con ela. É algo moi serio e profundo. Ser poeta é ter unha sensi-

bro obsérvase a barbarie da humanidade que se manifesta “nas pintadas/ que racionalizan a mentira/ e traizoan/ o patrimonio da intelixencia”. Toda unha vida que vai “teledirixida” e que está dominada pola guerra, que ás veces vemos de lonxe, e á que a voz poética ten máis presenta ca nunca, sabendo como sabe que “a guerra nunca rematou”, para que lembremos quizais retomando a paráfrase que fixo Brecht de Clausewitz, que a guerra non é máis que a continuación

PENSAMENTOS
FIRMES, TODA
UNHA FILOSOFÍA
DA VIDA NUN
ESTILO CONCISO

dos negocios por outros medios. No fondo renace aquí o berro da nena que lembra como os seus pais lle ocultaron a guerra, levándoa a vivir a Portugal. A nena-muller madura que se atreve a pedir perdón por tanta cordura. A honradez coa que se enfronta na súa soidade ao tempo e á memoria ofrécenos fermosos versos, “un sopro de silencio no medio desta calma”, “o significado que ten a pedra no camiño” e un poema que é unha autopoética que é o dedicado a Marita Vázquez de la Cruz, autora do prólogo. Sabe que aínda que sexa imposíbel “parafusar o corazón do vento” (tempo, memoria), está a beleza, como ningún fermoso filme que subsiste, “E alí queda inservíbel/ como adorno da paisaxe./ A beldade da mazá morre na herba”. Libro no que os paratextos que o acompañan desde a dedicatoria, á súa filla Cristina, interlocutora de moitas das súas obras, até as citas poéticas que o abren de Enma Couceiro, Yolanda Castaño, Djuna Barnes, Ana Romaní, Xela Arias e Luísa Villalta, son unha mostra dese diálogo vital e poético que caracteriza á independencia de M^a do Carmo Krukenberg

KRUCKENBERG, M^a do Carme, *As complexas mareas da noite*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2006, 55 páxinas

Montecarlo.
Poesía que se achega ás orixes, as que retorna sempre, das cantigas medievais explorando a brevidade na técnica e a musicalidade máis popular. Outras veces, e facéndose máis presente no texto como muller independente, cosmopolita e ilusionada pola vida, ábreille as portas envolvida na pintura de Eva Llorens permite que a música do Jazz rache os seus poemas. Incansábel na andaina vital e de escritora, sobre todo poeta, acertou cando titulou no ano (2000) a súa poesía reunida en *Obra poética case completa*, desde onde podemos adiviñar certa ironía e insistencia

bili-
dade diferente, saber ver, saber sentir”. En *As complexas mareas da noite*, máis que en ningunha das súas obras anteriores, hai pensamentos moi firmes, toda unha filosofía de vida, unha ética que se vai desenvolvendo unha vez máis co seu estilo breve e conciso. Pensamentos e desvelos da noite trasladados ao papel pola complexidade da marea, ese mar tamén constante que a envolve, a ela, esa illa. Libro dunha soidade profunda desde a que aboia un berro contra a crueldade. Desde este li-

